

*Informe anual  
de transparencia  
sobre a atención  
ao alumnado  
con diversidade  
na Universidade  
de Vigo  
2020/2021*





---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

## *Contidos*

1. Breve referencia ao obxectivo 10 dos ODS
2. Introducción
3. Obxectivo: atención a diversidade
4. Programa PINUE
5. Estatísticas. Curso 2019/2020
6. Apoios económicos á diversidade na UVigo e custos de atención

## **INFORME ANUAL DE TRANSPARENCIA SOBRE A ATENCIÓN AO ALUMNADO CON DIVERSIDADE NA UNIVERSIDADE DE VIGO CURSO 2020/2021**

### **CONTIDOS**

1. Breve referencia ao obxectivo 10 dos ODS
2. Introducción
3. Obxectivo: atención á diversidade
4. Programa PIUNE
5. Estatísticas. Curso 2020/2021
6. Apoios económicos á diversidade na Uvigo e custos de atención

## 1. Breve referencia ao obxectivo 10 dos ODS

A actividade desenvolvida na área de traballo UNATEN (Unidade de Atención ao Estudiantado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo) xestionada desde o Servizo de Xestión da Extensión Universitaria está aliñada coas metas do obxectivo de desenvolvemento sostible (ODS 10: Reducir a desigualdade en e entre os países), en concreto coas metas:

- 10.2. “De aquí a 2030, potenciar e promover a inclusión social, económica e política de todas as persoas, independentemente da súa idade, sexo, discapacidade, raza, etnia, orixe, relixión ou situación económica ou outra condición”.
- 10.3 Garantir a igualdade de oportunidades e reducir a desigualdade de resultados, incluso eliminando as leis, políticas e prácticas discriminatorias e promovendo lexislacións, políticas e medidas adecuadas a ese respecto.

### “Obxectivo 10: Reducir a desigualdade en e entre os países”

Reducir as desigualdades e garantir que ninguén se queda atrás forma parte integral da consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.

A desigualdade dentro dos países e entre estes é un continuo motivo de preocupación. A pesar da existencia dalgúns indicios positivos de cara à redución da desigualdade en algunhas dimensións, como a redución da desigualdade de ingresos en algúns países e o estatus comercial preferente que beneficia aos países de baixos ingresos, a desigualdade aínda continúa.

A COVID-19 intensificou as desigualdades existentes e afectou máis que ninguén aos pobres e as comunidades máis vulnerables. Sacou á luz as desigualdades económicas e as fráxiles redes de seguridade social que fan que as comunidades vulnerables teñan que sufrir as consecuencias da crise. Ao mesmo tempo, as desigualdades sociais, políticas e económicas amplificaron os efectos da pandemia.

Na fronte económica, a pandemia da COVID-19 aumentou moito o desemprego mundial e recortou drasticamente os ingresos dos traballadores.

A COVID-19 tamén pon en risco os escasos avances que se conseguiron en materia de igualdade de xénero e dereitos das mulleres durante as últimas décadas. Practicamente en todos os ámbitos, desde a saúde ata a economía, desde a seguridade ata a protección social, os efectos da COVID-19 agravaron a situación das mulleres e as nenas simplemente como consecuencia do seu sexo.

As desigualdades tamén están aumentando para as poboacións vulnerables en países con sistemas sanitarios máis deficientes e en países que se enfrontan a crisis humanitarias existentes. Os refuxiados e os migrantes, así como os pobos indíxenas, os anciáns, as persoas con discapacidade e os nenos se encontran especialmente en risco de ser excluídos. Ademais, o discurso de odio dirixido aos grupos vulnerables está en aumento.

## 2. *Introdución*

A Universidade de Vigo, dentro do seu compromiso con aquelas persoas da nosa comunidade universitaria que precisan de condicións especiais para o desenvolvemento dos seus estudos, actividade laboral e a súa integración na vida universitaria, debe actuar de xeito pro activo para incluílas na nosa institución en igualdade de dereitos e deberes. Ademais, como institución pública ao servizo do seu contorno social, debe promover valores de convivencia e axuste social e debe favorecer o principio de igualdade de oportunidades e a accesibilidade universal, desenvolvendo os dereitos das persoas con necesidades educativas especiais recollidos na normativa vixente.

A atención á diversidade na Uvigo está enmarcada dentro das funcións delegadas na Vicerreitoría de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación e a xestión da citada actividade recae na sección de Extensión Universitaria dependente do servizo de Xestión da Extensión Universitaria, concretamente na UNATEN (Unidade de Atención ao Estudiantado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo).

O nome do programa que envolve toda esta acción denomínase Programa PIUNE (Programa de integración de universitarios/as con necesidades específicas de apoio educativo)

## 3. *Obxectivo: atención á diversidade*

Para que todo o alumnado poida desenvolver a súa vida universitaria de xeito pleno, a Universidade de Vigo pon en marcha unha serie de medidas a través da súa Unidade de atención ao estudiantado con necesidades específicas de apoio educativo (UNATEN) co fin de:

- Velar polos dereitos do alumnado con necesidades físicas, comunicativas, educativas e sociais especiais ou minorizadas polas tendencias maioritarias da sociedade. Estas necesidades poden proceder da discapacidade, da sobredotación etc.
- Facilitar o acceso á universidade do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, así como optimizar a súa posterior integración na vida universitaria para potenciar a participación en igualdade de condicións fronte á poboación universitaria maioritaria e á sociedade en xeral.
- Favorecer non só a integración, senón a autonomía do alumnado da comunidade universitaria con necesidades especiais. Isto implica emprender un amplo conxunto de actuacións para fomentar, de maneira simultánea, a cooperación e a máxima autonomía persoal posible na toma de decisións, nos desprazamentos, na adquisición de información e no desenvolvemento dos coñecementos. Así mesmo, implica colaborar na promoción da vida independente das persoas con estas necesidades.
- Difundir información entre todos os sectores da comunidade universitaria sobre a situación das persoas con necesidades específicas de apoio educativo, para sensibilizar e fortalecer valores, actitudes e comportamentos non discriminatorios.
- Asesorar nas posibles adaptacións pedagóxicas, arquitectónicas e comunicativas necesarias para afianzar a igualdade de oportunidades nos procesos de adquisición e desenvolvemento dos coñecementos e tarefas tanto académicas como laborais na universidade.

- Axilizar o proceso de eliminación progresiva das barreiras arquitectónicas e comunicativas existentes en todos os campus e instalacións da universidade.
- Formar en temas relacionados coa diversidade e coa integración social.

#### 4. Programa PIUNE

A Universidade de Vigo conta con diferentes programas e ferramentas para acadar a plena integración na vida universitaria do estudiantado con necesidades específicas de apoio educativo.

Entre os programas máis relevantes destaca o Programa de integración de universitarios/as con necesidades específicas de apoio educativo (PIUNE). Este programa ten por obxecto apoiar ao noso estudiantado con algún tipo desas necesidades ou trastornos de aprendizaxe legalmente recoñecido. Estas persoas poderán recibir:

- Atención, acollida e asesoramento pola UNATEN (Servizo de Extensión Universitaria) da Universidade de Vigo
- Soporte ao estudo (adaptacións curriculares, recursos técnicos de apoio...)
- Acompañamento en actividades diversas por persoal voluntario da UVigo

Para formar parte do programa PIUNE, só tes que cubrir o impreso que atoparás máis abaixo e remitilo, ben a través da Secretaría de Alumnado do teu centro ou por correo postal á Sección de Extensión Universitaria no caso do campus de Vigo ou ás Áreas de Servizos á Comunidade dos campus de Ourense ou Pontevedra.

As persoas con algunha outra circunstancia que precisen dunha atención especializada tamén poderán acollerse ao programa PIUNE, nestes casos levarase a cabo previamente unha valoración por parte de técnicos especializados que determinarán a súa inclusión ou non no devandito programa. Por outra parte, tamén teñen a opción de recorrer a outras ferramentas das que dispón a Universidade de Vigo como os plans de acción tutorial PAT de cada centro ou o gabinete psicopedagóxico.

#### 5. Estatísticas. Curso 2020/2021

##### Exención de matrícula de alumnado con discapacidade na Universidade de Vigo

Estudios	homes	mulleres	TOTAL	% mulleres
Grao	100	86	186	46,24%
Mestrado	13	24	37	64,86%
Doutoramento	11	8	19	42,11%
<b>TOTAL</b>	<b>124</b>	<b>118</b>	<b>242</b>	<b>48,96%</b>

### Estatística alumnado inscrito no programa PIUNE da Universidade de Vigo

CAMPUS	ALUMNADO	TIPOS	ALUMNADO
Vigo	56	Física	16
		Psicolóxica	37
		Outros	3
Ourense	30	Física	8
		Psicolóxica	20
		Outros	2
Pontevedra	14	Física	2
		Psicolóxica	9
		Outros	3
Nº TOTAL	100		

### 6. Apoios económicos á diversidade na Uvigo e custos de atención

A Uvigo, no ánimo de apoiar o máximo posible ao noso alumnado PIUNE e sendo conscientes das nosas limitacións estamos obrigados a buscar apoios externos para poder atender este colectivo do mellor xeito posible.

#### **Apoio mediante asistentes persoais e prestación de servizo de intérpretes de lingua de signos para alumnos PIUNE.**

Ao longo do curso houbo a necesidade de contratar un servizo de asistente persoal para estudante con problemas de mobilidade dentro do campus universitario de Vigo co gallo de facilitarlle o máximo posible a súa estancia nas nosas instalacións e que o seu problema non altere o seu estudo. Por outra banda, tamén houbo prestación de servizo de intérpretes de lingua de signos co fin de apoiar a estudantes con problemas de audición polo que foi necesario contratar servizos de intérpretes de lingua de signos española. O gasto realizado neste tipo de servizo durante o curso 2020/2021 foi de 3.500€ aprox. Debemos dicir que nese curso foi moi importante o efecto do COVID19 que nos obrigou ao peche da universidade durante bastante tempo e logo o uso de aulas virtuais o que motivou que houbo un descenso de solicitudes deste tipo de servizos.

#### **Material en préstamo da Fundación ONCE para alumnos/as PIUNE**

En virtude dun convenio de colaboración entre a Uvigo e a Fundación ONCE procedeuse ao préstamo, de forma gratuíta por parte da devandita Fundación, a 6 alumnas/os da Uvigo para levar cabo os seus estudos con toda normalidade. Polo xeral son aparellos tiflotécnicos e informáticos.

#### **Atención psicopedagóxica ao colectivo PIUNE.**

Para a atención ao colectivo PIUNE contamos cun Gabinete Psicopedagóxico con presenza nos 3 campus e que está atendido por una empresa externa mediante relación contractual. O custo anual aproximado do contrato foi de 50.000€.



Atención a alumnos PIUNE no Gabinete Psicopedagógico da Universidade de Vigo durante o curso 2020/2021:

Campus	Consultas	Homes	Mulleres
Vigo	2147	843	1304
Ourense	1450	511	939
Pontevedra	551	160	391

**Bolsas de apoio a determinado estudiantado que presenta problemas de adaptación no seu centro de estudos debido ás súas NEE.**

Para levar a cabo estes apoios mediante as devanditas bolsas de integración baseámonos nos diferentes programas de atención personalizada dirixidos a atender a estes determinados estudantes con NEE co fin de fomentar e garantir a súa permanencia na Universidade de Vigo. Estes programas teñen como finalidade adecuar o proceso de ensinanza aprendizaxe en función das súas posibilidades individuais.

Nestes casos os diferentes programas de atención personalizada necesitan a colaboración dun axente externo, un/unha estudante do mesmo centro e dos mesmos estudos que a persoa que debe ser atendida, principalmente, sendo primordial o aspecto humano do acompañamento que existe que o acompañante sexa un compañeiro de estudos co que a persoa atendida teña contacto directo e sexa da súa confianza. Para que esta colaboración sexa factible faise necesario conceder unha axuda ou bolsa de colaboración a esta persoa colaboradora.

No curso 2020/2021 concedéronse 7 bolsas de apoio que foron: 3 para estudantes do campus de Vigo, 1 para estudante do campus de Pontevedra e 3 para estudantes do campus de Ourense, por un importe total de 10.500€.

### **Recoñecemento docente por atención a alumnado PIUNE**

O Regulamento de atención ao estudiantado con necesidades específicas de apoio educativo da Universidade de Vigo establece o seguinte no artigo 13. Desenvolvemento dos programas de atención personalizada nos centros:

1. Nos centros onde se atopan matriculados estudantes con necesidades específicas de apoio educativo participantes no PIUNE designarase un membro do persoal docente e investigador como responsable da implantación e seguimento dos programas de atención personalizada vixentes.

2. A persoa responsable do PIUNE no centro coordinará as seguintes funcións en colaboración coa UNATEN:

- a) A orientación académica sobre titulacións, itinerarios, aspectos formativos, departamentos docentes, materias e profesorado.
- b) A comunicación entre o estudante e o profesorado que poida proporcionar información académica específica.

- c) A implantación dos programas de atención personalizada, velando polo cumprimento dos dereitos do estudiantado con necesidades específicas de apoio educativo no seu proceso de ensinanza-aprendizaxe por parte dos departamentos e do profesorado, garantindo o fluxo de información desde o profesorado responsable da materia ata o estudiantado no que se refire ás adaptacións curriculares, niveis de esixencia, obxectivos, habilidades e competencias a adquirir, programación, organización de contidos teóricos e execución de procesos prácticos, e avaliación continuada.
- d) O seguimento e a actualización do proceso de ensinanza- aprendizaxe, incluíndo as tutorías personalizadas.
- e) A realización dun informe anual sobre posibles incidencias ou actuacións que se produciran no curso académico.
- f) O traslado de calquera incidencia á UNATEN, á comisión técnica, e direccións dos centros e departamentos implicados.

3. No caso de que non se designe outra persoa responsable, asumirá ditas funcións a persoa responsable do Plan de acción tutorial.

4. A persoa responsable do PIUNE no centro e ás persoas involucradas na implantación dos programas de atención personalizada terán dereito ó recoñecemento da súa dedicación, segundo o disposto polas normas anuais de recoñecementos no plan de organización docente (POD).

5. O reitor ou reitora poderá nomear persoas expertas externos ou pertencentes á comunidade universitaria responsables da coordinación da implantación dun programa de atención personalizada no centro, a proposta da vicerreitoría con competencias en servizos sociais e á vista do programa de atención personalizada correspondente.

---

---

---

---

---


---

---

---

---

---



**OBXECTIVOS**  
DE DESENVOLVEMENTO  
**SOSTIBLE**